

DESIGNACIÓN DO XURADO DA DÉCIMA CONVOCATORIA DO PREMIO AGADER ÁS INICIATIVAS DE DESENVOLVEMENTO RURAL

O 14 de decembro de 2018 o director xeral de Agader aprobou as bases reguladoras dos premios Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural e convocou para o ano 2019 a décima edición dos premios. Esta convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia o 13 de febreiro de 2019.

O artigo 11 das ditas bases reguladoras establece que para a concesión dos premios constituírase un xurado, que será designado para o efecto por resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Agader, no prazo máximo dun mes contado desde que se publique a convocatoria no DOG.

De acordo co anterior,

RESOLVO

Designar o xurado da décima convocatoria do premio Agader ás iniciativas de desenvolvemento rural:

Presidente:

Miguel A. Pérez Dubois, director xeral da Agader

Vogais:

Susana López Abella, secretaria xeral de Igualdade

Anxo M. Lorenzo Suárez, director xeral de Políticas Cuturais

M^a Nava Castro Domínguez, directora Axencia de Turismo de Galicia

M^a Belén Do Campo Piñeiro, directora xeral de Patrimonio Natural

Cristina Pichel Toimil, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Alfredo L. García Rodríguez, Presidente da Fegamp

María Mellid López, xerente do GDR Ulla, Tambre, Mandeo

Javier Blanco Carballal, subdirector de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural

Alejandro Sánchez de Dios, subdirector de Mobilidade de Terras

Silvestre J. Balseiros Guinarte, director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Secretario:

Severino Álvarez Monteserín, secretario xeral da Agader

Cada un dos membros poderá delegar a súa actuación en calquera outro membro do xurado.

Santiago de Compostela

O director xeral de Agader

(asinado electrónicamente)

Miguel Ángel Pérez Dubois

